

NORMAS PARA OS AUTORES

Os interesados en remitir orixinais de libros, monografías, estudos, recensións de libros ou noticias para a súa publicación polo INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES (IEV), deberán aterse ás seguintes indicacións:

1. As colaboracións serán inéditas e poderán estar escritas en galego ou en castelá. En casos especiais o IEV poderá decidir publicalas noutros idiomas en función do seu posible interese, ou ben poderá ser proposta a súa tradución a un dos idiomas preferentes. Caso de empregarse a lingua galega seguirase a normativa oficial da Real Academia Galega. As colaboracións consistirán en investigacións teóricas ou prácticas sobre historia, arte, literatura, dereito, antropoloxía, socioloxía, xeografía, economía, ciencias físico-naturais, etc., relacionadas con Vigo e toda a súa área de influencia. As recensións darán noticia de libros de actualidade -enténdese do mesmo ano no que se envían ao Boletín *Glaukopis*.
2. A extensión dos traballos para o Boletín *Glaukopis* non debe exceder os 60.000 caracteres con espazos (aproximadamente 25 folios "DIN A4" co texto a unha soa columna, a dobre espazo por unha soa cara con letra 12). Estes escritos virán encabezados polo título en maiúscula. Debaixo o nome e apelidos do autor ou autores. A continuación levarán un pequeno resumo explicativo do artigo escrito na lingua na que está redactado o texto, que non exceda de 600 caracteres con espazos; de ser posible, debe incluírse ese resumo traducido tamén ao inglés. A continuación incorporaránse de tres a cinco palabras clave que permitan a súa localización dixital, de ser posible, incluírse tamén a súa tradución ao inglés.
3. Cada colaboración debe presentarse acompañada dun currículo do autor, ou autores, que non exceda os 1800 caracteres con espazos. No envío debe figurar un correo electrónico, teléfono e dirección postal..
4. O emprego de cursiva e comiñas deberá responder ás convencións internacionais. Toda sigla será desenvolvida en paréntese a primeira vez que se cite no texto. Exemplo: RAG (Real Academia Galega).
5. É obrigatorio que o texto impreso orixinal se acompañe dunha copia dixital en formato Word ou similar que permita a súa manipulación informática. Os autores poderán presentar en formato dixital TIF ou JPG, ou similar, ilustracións, fotografías, gráficos, debuxos, gravados, etc. O número de imaxes deber ser comedido e gardar relación directa coa extensión do texto. A Comisión de Publicacións analizará en todos os

casos esta coherencia. Deberán ter unha boa calidade para a súa reprodución. Cada ilustración debe estar numerada e ir acompañada do seu correspondente pé. Esa numeración debe aparecer no orixinal impreso para indicar o lugar aproximado de inserción de cada ilustración. As imaxes serán preferentemente en branco e negro, agás nos casos nos que o tipo de ilustración recomenden o emprego de cor, como por exemplo en publicacións de arte ou arquitectura

6. Nos libros e monografías divididos en capítulos e apartados os orixinais deberán acompañarse dun índice organizado por cifras ou letras.
7. As colaboracións con notas a pé de páxina sinalaranse no texto mediante unha numeración correlativa en forma de superíndice.
8. As referencias bibliográficas que aparezan no corpo do traballo por chamadas e notas a pé de páxina, axustaranse ás seguintes pautas:
 - Os libros e monografías débense citar indicando: os apelidos do autor en maiúscula. O nome abreviado ou en minúscula. Título da obra en cursiva. Lugar, editorial e ano de edición. Número de páxina abreviado con p. e, se son varias, pp. ou ben p. e ss. Se a obra está dividida en varios volumes, o que vai a ser citado figurará en número arábigo entre o título e o lugar, editorial e ano de edición, por exemplo, SACAU RODRÍGUEZ, G., *Os Nomes da Ría de Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2000, p. 24 e ss. Se son varios os autores, citarase ó primeiro seguido de “e outros”. Se son moitos os autores empregárase as siglas VV.AA.
 - Os artigos aparecidos en revistas e xornais: Os apelidos do autor en maiúscula. O nome abreviado ou en minúscula. O título do artigo entre comiñas. O título da revista en cursiva. Número, en arábigo, ano, entre paréntese e páxina.
 - As referencias á documentación consultada en internet reproducirán a totalidade da dirección, por exemplo: URL. LAMAS, Jorge, “Vigo, testigo de un conflito entre rusos y británicos”. Consulta: 01/04/2019. Blog” Del Berbés para arriba” <http://lamasdonno.blogspot.com/2017/08/vigo-testigo-de-un-conflicto-entre.html>
 - Os capítulos de libros colectivos e os relatorios de congresos seguirán estas mesmas normas.
 - As referencias bibliográficas simples poden integrarse no texto seguindo o sistema Harvard. Por exemplo: (González Fernández, 2019, 169) que cita a páxina 169 da obra mencionada na bibliografía final: GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Juan Miguel, *Os Concellos e os Alcaldes de Vigo*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses, 2019. No caso de que existan obras do mesmo autor publicadas nun mesmo ano, diferenciaranse no texto e na bibliografía mediante unha letra en subíndice ao carón do ano. (Exp. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, 2019b)

9. A bibliografía empregada recollerase ao final, ordenada alfabeticamente e seguindo as pautas indicadas.
 10. A Comisión de Publicacións decidirá a conveniencia da publicación dos traballos, que serán avaliados por especialistas das materias de que trate. En caso necesario poderán ser sometidos a unha avaliación externa ao IEV.
 11. As probas de imprenta serán enviadas ós autores en arquivo pdf ou directamente en papel; as correccións faranse sempre sobre o propio pdf (coa ferramenta *resaltar texto* para resaltar o erro e *agregar nota adhesiva* para indicar o cambio) ou senón nun cadro en arquivo word onde se indique: páxina, liña de texto, erro detectado e cambio que se sinala, debendo ser sempre o máis claro posible; de tratarse de probas de imprenta en papel, as correccións faranse directamente sobre o texto, sinalando o erro e poñendo á marxe a corrección precisa.
 12. A cada autor dun libro publicado polo IEV entregaránselle vinte e cinco exemplares. Os artigos do Boletín *Glaucopsis* darán dereito á percepción dun exemplar e vinte e cinco separatas.
-